

***Prómine Singular* da D.O. Ribeira Sacra elixido mellor viño tinto de Galicia**

Na XXXII edición da Cata dos Vinos de Galicia, o viño ***Prómine Singular* de Bodegas Petrón da D.O. Ribeira Sacra** recolleu este xoves o **Acio de Ouro** ao mellor tinto de Galicia. Na entrega destes premios que se celebraba na cidade da cultura, o Presidente da D.O. Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez, deixaba unha mensaxe de unidade, “Debemos manernos traballando unidos e con ilusión por seguir adiante.”

A pasada semana xa recibiran premios desta XXXII edición como os mellores de Galicia, 3 viños da D.O. Ribeira Sacra:

- **Acio de Ouro tinto Acivro** de Adegas Salvadur S.L. na categoría de **Viños de Colleiteiro e Pequenas adegas**.
- **Acio de Ouro tinto, Acivro** de Adegas Salvadur S.L. na categoría de **Viños de Elaboracións con Madeira**
- **Acio de Prata tinto, Tradición** de Adega Vella, Jorge Feijoo González, na categoría de **Viños de Elaboracións con Madeira**

Ademais dos premios a nivel galego, dentro da D.O. Ribeira Sacra resultaran premiados:

- **Acio de Oro tinto: *Prómine***, de Bodegas Petrón S.L.
- **Acio de Plata tinto: *Peza deo Rei*** de Adega Cachín S.L.